# APOIO AO INVESTIGADOR

A Axencia de Coñecemento en Saúde conta cun **equipo de apoio ao investigador** que, en coordinación cos demais axentes do ecosistema de saúde, actúa como punto de referencia para a planificación, promoción, coordinación e avaliación dunha investigación sanitaria de calidade en Galicia.

Os servizos que a Área de Planificación e Promoción da Investigación Sanitaria da ACIS pon á disposición dos investigadores para orientalos na cobertura das súas necesidades son:

- Asesoramento en **trámites administrativos e de xestión**.
- Difusión de información sobre opcións de **financiamento a través de convocatorias públicas** xestionadas polo Servizo Galego de Saúde e pola ACIS.
- Intermediación con **axencias públicas de financiamento**.
- Coordinación con **outros axentes de investigación**.
- Información e seguimento de **axudas para contratación de recursos humanos en investigación e proxectos** xestionados polo Servizo Galego de Saúde e pola ACIS.
- Acceso a **disposicións legais e documentos de interese estratéxico** en materia de investigación.
- Información e ferramentas que faciliten a **integración dos investigadores** no Sistema Público de Saúde de Galicia.
- Xestión de **recursos humanos** en investigación.

Se precisas contactar con nós, pódesnos escribir a soporte.investigador.acis@sergas.es ou contactarnos por teléfono no 981 568 054.


Portal da Investigación

Convocatorias de axudas á investigación

Premios á investigación

Proxectos de investigación con financiamento FEDER

Aquí iremos presentando aqueles proxectos de investigación financiados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional nos que a entidade beneficiaria é o Servizo Galego de Saúde.

Rutas de investigación biomédica

Eventos e actos


## NORMATIVA RELACIONADA

Instrución 2/2013: Intensificación da actividade investigadora no ámbito do Sistema Público de Saúde de Galicia

Modelo de solicitude da Instrución 2/2013